

## LISTA DE ASISTENTES

Ana Amorós Pons  
Ana Belén Fernández Souto  
Paulino Pérez Feijóo  
Xabier Martínez Rolán  
Diana Ramahí  
Juan Manuel Corbacho  
Silvia García Mirón  
María Isabel Míguez  
Román Pereiro Rodríguez-Lepina  
Alberto Dafonte  
Carmen López de Aguieta  
Julinda Molares  
Fortunato Rodríguez  
José Rúas Araujo  
Montse Vázquez Gestal

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo do 17 de setembro de 2018, convocada para as 13.15 h en primeira convocatoria e ás 13:45 h en segunda na Sala de Xuntas da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

O día 17 de setembro de 2018, ás 13.45 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Departamento do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade, co obxecto de tratar os seguintes puntos da **orde do día**:

## DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Alberto Pena

### 1. Aprobación, se procede, das actas anteriores:

- Acta da sesión ordinaria do 3 de setembro de 2018

Apróbase

### 2. Informe do Director do Departamento.

O director do departamento, José Rúas Araújo, informa das seguintes cuestións:

- A) A Comisión Permanente valorou a solicitude presentada por D<sup>a</sup>. Alba Sotelo Leal, dentro da convocatoria de bolsas de colaboración con departamentos, con 4 puntos. Procédese a súa tramitación para que a alumna remate o proceso de solicitude.

- B) Foro Complutense. Como ven sendo habitual dende hai anos, o departamento procederá ao pago de 500 euros para afrontar os gastos derivados do desprazamento dunha persoa para participar no mesmo. Neste momento, estamos pendentes das datas e lugar e temática da vindeira convocatoria. O profesor Martínez Rolán afirma que lles mandou un e-mail para solicitar información pero aínda non tivo resposta.
- C) O día 18 de setembro, a COAP procederá a aprobación definitiva de prazas correspondente a Oferta de Emprego Público do PDI do ano 2017, na que o departamento solicitara unha praza de Profesor Titular. A partir da aprobación definitiva procederá ao inicio dos trámites para o nomeamento da comisión de selección, perfil da praza e a súa saída a concurso.

### **3. Modificación, se procede, do POD:**

#### Cambios producidos polas eleccións a Decanato:

- María Isabel Míguez deixa 60 horas HB da materia Teoría e Práctica das RR.PP. 30 horas prácticas desa materia as asume José Manuel López Fernández, pendente de transformación a A3-P3 (asociado 90 horas: 60 horas constan xa no seu POD da materia de Guión, produción e realización de programas de ficción + 30 asignadas agora).
- Diana Ramahí, deixa 50 horas HA de Teoría e Técnica da Imaxe, que colle Fortunato Rodríguez, quen deixa 45 horas de Proxectos interactivos en novos medios:web (15 HA+ 30HB) que colle Xavier Martínez Rolán.

#### Outros cambios:

- Invitación por 20 horas HA da materia Campañas de Imaxe e RR.PP a Iván Puentes Rivera, pendentes de cubrir pola baixa de maternidade/lactancia da profesora María Montero.
- Permiso por matrimonio solicitado por Oswaldo García: Invitación a Roi Fernandez Alonso (20 horas, máis coa previsión que en decembro solicite outro permiso por paternidade, engadindo outras 20 horas máis á mesma persoa).

O director do departamento plantexa a necesidade de facer unhas directrices ou recomendacións de cara á organización da docencia que permita un reparto, en ocasións, máis razoable, cuestión que se falou cos membros da Comisión Permanente. Plantéase que alguén do equipo decanal tamén podería estar nestas tarefas.

Apróbase

#### **4. Rolda de intervencións.**

O profesor Alberto Dafonte manifesta que non lle están a chegar as convocatorias do Consello nin a información do departamento. Compróbase que non está na lista de correo, procederase á súa rectificación

Sen máis intervencións levántase a sesión ás 14:20 horas.

En Pontevedra, 17 de setembro de 2018

O director

A secretaria do departamento

José Rúas Araújo

Montserrat Vázquez Gestal